



A ALIMENTACIÓN E OS HÁBITOS SAUDABLES, TEMAS CENTRAIS DUNHA ACCIÓN FORMATIVA QUE O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA PARA O MES DE ABRIL.

Este curso, gratuito e de catro horas de duración, vai ter lugar o xoves 19 de abril nas Aulas do Viveiro de Empresas.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns – dependente da Consellería de Sanidade- organiza unha acción formativa sobre Alimentación e hábitos saudables (4h) que vai ter lugar o vindeiro xoves día 19 de abril en horario de 16.00h a 20.00h nas aulas do Viveiro de Empresas.

Esta acción formativa, de carácter gratuito, está dirixida a coidadores/as, educadores/as, persoal sanitario, pacientes, familiares de pacientes e cidadanía en xeral. As persoas participantes, recibirán o correspondente diploma de asistencia.

Programa:

- Papel dos hábitos alimentarios no crecemento e no desenvolvemento, na saúde e na prevención da enfermidade.
- Recomendacións para unha alimentación saudable.
- Papel da actividade física no desenvolvemento corporal e na saúde.
- Recomendacións actuais da actividade física.
- Etc.

O curso será impartido pola Dra. Paula Sabela Rodríguez González del Blanco, médico especialista en medicina preventiva.

As persoas interesadas poden obter máis información e realizar a súa inscrición no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 28 de marzo de 2018.